

Na procura do mínimo paremiolóxico grego¹

Searching for the Greek paremiological minimum

Carlos Alberto Crida Álvarez²

Εθνικό και Καποδιστριακό Πανεπιστήμιο Αθηνών³

Resumo: Este estudo presenta a investigación levada a cabo para establecer o mínimo paremiolóxico grego. A introdución fai fincapé na utilidade das coleccións e os estudos sobre proverbios gregos para preservar e transmitir a tradición popular grega. Por outra banda, confirma a ausencia de investigación verbo da capacidade paremiolóxica actual dos gregos. Saliéntase o erro cometido na última procura de equivalentes entre proverbios gregos e españois consistente en non ter en conta a frecuencia. Finalmente, preséntanse os criterios e a metodoloxía empregada para realizar un cuestionario que, tras recadar un número razoable de enquisas completadas, será a base sobre a que se poderá establecer o mínimo paremiolóxico grego.

Palabras clave: paremioloxía, mínimo paremiolóxico, proverbios gregos.

Abstract: This paper presents the research that is being carried out with the purpose of determining the Greek paremiological minimum. The introduction emphasizes in the interest that Greek proverb collections and studies put on preserving and transmitting the popular Greek tradition. On the other hand, it confirms the absence of research on the paremiological capacity that Greeks have in the present. It is important to underline the mistake that has been done in the past in the search of equivalents for Greek and Spanish proverbs: frequency has not been taken into account. And finally, the criteria and methodology used setting up a questionnaire are presented; which, after collecting a reasonable number of completed questionnaires, will be the base on which we will be able to determine the Greek paremiological minimum.

Keywords: paremiology, paremiological minimum, Greek proverbs

Data de recepción 28.6.2013. Data de aceptación 27.9.2013.

¹ Unha versión previa e distinta deste traballo foi presentada en idioma grego como comunicación no *4rd International Congress of Karpathian Folklore*, que tivo lugar na illa de Kárpáthos do 8 ao 12 de maio de 2013. O autor garante que a versión que agora ve a luz en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* é un orixinal diferente e inédito. De igual xeito, este traballo inscríbese dentro do Proxecto de Investigación I+D+i PAREMIASTIC FF12011-24962 (2012-2014), financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación, actualmente Ministerio de Economía y Competitividad.

² Membro do Grupo de Investigación UCM 930235 *Fraseología y paremiología* (CEI Campus Moncloa, Clúster de Patrimonio).

³ Universidade Nacional e Kapodistriaca de Atenas.

1. Introducción

Nas últimas décadas aumentou en Grecia o interese polas paremias e isto deu na publicación dun número importante de coleccións e estudos das paremias gregas. Inspirador e creador deste interese xeral foi “o paremiólogo grego por excelencia”⁴, tal como o caracterizou Aristidis Doulaveras (1994: 15), que foi quen reuniu e estudou as publicacións paremiolóxicas do memorable Dimitrios Loukatos (1908-2003).

Nas coleccións de paremias gregas publicadas nos últimos anos⁵ observamos que estas se basean principalmente en anteriores coleccións de renome, como a de Politis ou a de Venizelos, entre outras. A finalidade dalgunhas delas é reunir o maior número posible de paremias gregas para conservar “un gran tesouro intelectual da nosa Tradición Popular” –como escribiu Giannis Smyrniotakis (2008: 9) no prólogo da súa última edición– e para entregalo “aos máis novos, para que o coñezan e o preserven”; xa que “co cultivo da nosa tradición nacional e a proxección da nosa cultura popular podemos consolidar a nosa cultura neohelénica, [...que,] cos valores diacrónicos e universais da nosa tradición nacional, debe ser a achega do noso país a Europa e ao mundo”, segundo declara Kostas Stratigakis (2005: 16) na súa introdución.

Outras coleccións céntranse na interpretación das paremias, xa que, segundo Ina Anagnostopoulou e Lía Bousouli-Gkesoura (2007: 11), “debemos [...] coñecer o seu sentido e, en consecuencia, a situación na que se poden usar”. Noutras palabras, as coleccións de paremias gregas aspiran a conservar e transmitir, así como a comprender aquelas que lles resultan opacas, en maior ou menor medida, ás novas xeracións.

Con todo iso, polo de agora non se realizou ningunha investigación (ata onde sabemos) para comprobar a competencia paremiolóxica dos gregos de hoxe, tanto a competencia pasiva coma a activa. É dicir, que aínda non se estableceu cientificamente qué paremias coñece o falante grego contemporáneo, cales usa e en que situacións.

É ben sabido que a competencia paremiolóxica se reduciu nas sociedades actuais, que evolucionaron de agrarias a urbanas (Sevilla - Cantera 2002: 255-263, Sevilla - Barbadillo 2004: 195). Moitas paremias non son de uso frecuente e, peor aínda, os falantes non as recoñecen como tales porque na vida actual resultan ineficaces, inútiles ou porque conteñen conceptos non compartidos na actualidade, como *Γυναίκα με λυχνάρι αν δεις, γελασμένος θε να βγεις* (Venizelos, Γ107) [“Se ves muller con candil, burlado queres saír”] ou *Τρία Κάπα κάκιστα, δύο Μι παγκάκιστα, Κρήτη, Κύπρος και Κεφαλονιά, Μυτιλήνη και Μοριάς* (Venizelos, T606) [“Tres Kapas, moi malo; dous Mi, completamente malo: Creta, Chipre e Cefalonia, Mitilene e Morias”]⁶. Isto non quere

⁴ Neste artigo ofrecemos a versión galega de todas as citas tomadas do grego.

⁵ A modo de exemplo citamos a de K. Stratigakis; a de A. Ferentinou; a de G. Smyrniotakis e G. Sifakis; e a de I. Anagnostopoulou e L. Bousouli-Gkesoura.

⁶ Curiosamente Venizelos, cando comenta este refrán, dá unha versión diferente e antiga das tres kapas: *Οι δε αρχαίοι έλεγαν. “Κάρες, Κύλικες, Καππαδόκες”*. É dicir “Os [gregos] antigos dicían: ‘Carios, Cilices, Capadocios’” (que eran pobos de tres rexións de Asia Menor, actual Turquía: Caria no SO, Cilicia no SE e Capadocia no Centro). Este dito permite ver que as tres kapas xa se asociaban antigamente ó malo (το κακό) e á maldade superlativa.

dicir que non se empreguen as paremias, xa que, na opinión de Meraklís (1985: 31) e de Doulaveras (2010: 69), as paremias “son os elementos máis dinámicos e vivos da nosa tradición popular, que sobreviven e funcionan eficazmente aínda hoxe, axeitándose admirablemente a circunstancias novas”.

2. O mínimo paremiolóxico dunha lingua

Ademais de conservar e transmitir a tradición diacrónica existe a cuestión sincrónica (Mieder, 1995): ¿Cales son as paremias que coñecemos e usamos? ¿Cantas son? ¿Cal é o corpus de paremias en uso hoxe en día? A resposta a estas preguntas dáa a delimitación do menor número de paremias que se atopan en uso a día de hoxe por parte da maioría de falantes nativos dunha lingua, independentemente do sexo, idade, condición social e educativa; ou, noutras palabras, a resposta dáa o mínimo paremiolóxico dunha lingua.

O sintagma *mínimo paremiolóxico* (*paremiological minimum* en inglés) introduciuno en lingua rusa o lingüista e folclorista ruso Grigorii L'vovich Permiakov (1919-1983), que realizou unha orixinal investigación da lingua rusa neste eido, na década dos 70 do século XX (Permiakov 1989, Čermák 2003, Sardelli 2009).

Segundo Permiakov (1989: 92), para que se poida comprender plenamente a lingua rusa actual, coma calquera outra lingua, *in addition to grammar, one must have a mastery not only of specific word selection and phraseological locutions but of a certain minimum of widely-used paremiological clichés as well*. E engade que non só se deben recoñecer os “clixés”, en calquera das súas transformacións orais, senón que tamén se deben assimilar as paremias do mínimo paremiolóxico, posto que pertencen ao coñecemento común dos falantes dunha lingua e, por iso, téñenas en conta consciente e inconscientemente no seu trato diario.

De momento lévanse feito investigacións para establecer o mínimo paremiolóxico do ruso (Permiakov), do ucraino (Vyshnya), do alemán (Čermák), do checo (Tarnovska, Sevilla-Zurdo), do polaco (Szpila), do inglés dos EE.UU. (Haas, Mieder), do galego (Vidal Castiñeira), do español de España (Tarnovska, Sevilla-Zurdo), do italiano (Sardelli), así como doutras linguas.

Julia Sevilla Muñoz e María Teresa Zurdo Ruiz-Ayúcar dirixen, dende o 2005, programas de investigación na Universidade Complutense de Madrid, que teñen como obxectivo delimitar o mínimo paremiolóxico europeo e mundial. Neste marco estanse a realizar investigacións do español, alemán, francés, galego, inglés, portugués e grego moderno.

¿E cal é a utilidade de determinar o mínimo paremiolóxico grego? En primeiro lugar, serve para coñecer o grao de competencia básica en paremias que posúe o falante nativo da lingua cotiá. Polo tanto, serve para conservar e transmitir o segmento de tradición recorrente nas nosas relacións cotiás, que se repite idéntico, cambiado, cortado, adaptado, etc.

Por outra banda, o mínimo paremiolóxico grego será unha ferramenta proveitosa no ensino do idioma grego, tanto como lingua nai coma estranxeira. Do mesmo xeito, será útil a súa incorporación nos dicionarios, xa sexan monolingües, bilingües ou multilingües, xa que as que se inclúan serán paremias que realmente estean en uso. De igual xeito axudará aos tradutores e intérpretes, entre outros.

¿E que debe incluír o mínimo paremiolóxico dunha lingua? Seguindo a Permiakov, coidamos que non só debía conter refráns, senón todo tipo de *paremias* en uso: termo xa imposto en paremioloxía como hiperónimo (Corpas 1996: 135) ou arquilexema (Sevilla 1988: 231) das unidades lingüística que compoñen o universo paremiolóxico, que engloba termos comúns como proverbio, refrán, máxima, sentenza, frase proverbial, adaxio, dialoxismo, etc.

3. O criterio da frecuencia de uso

Čermák (2009) subliña que os *paremiologists often seen to discard frequency as a criterion, in some cases they even disregard the synchrony-diachrony division cherishing proverbs that are not much in use any longer*. Confeso *mea culpa* xa que empreguei na procura de equivalentes entre o grego moderno e o español os principais refraneiros gregos, sen ter en conta a frecuencia de uso das paremias hoxe en día. As miñas edicións de equivalentes paremiolóxicos entre o grego moderno e o español (Crida 1999, Crida-Zoras 2005) adoecen deste mal, xa que todas as paremias gregas rexistradas presentan o seu equivalente semántico en español, pero non todas as paremias gregas rexistradas están en uso hoxe en día e moitas delas non son coñecidas polos mozos gregos; coma, por exemplo, *Μικρή τρύπα βουλιάζει μεγάλο καράβι* (Venizelos M235) [“Burato pequeno afunde barco grande”], que aínda que non presenta dificultade semántica, xa non se usa. Polo tanto, non é a mellor equivalencia para a paremia española *No hay enemigo pequeño*, a pesar de que ambas as dúas alertan do que considerado insignificante pode causar un dano grande. Non é unha equivalencia útil para o ensino/a aprendizaxe da lingua nin para a tradución, xa que o aprendiz grego de español non terá a paremia grega rexistrada no seu lexicón, polo que non poderá facer uso da *competencia fraseolóxica en su lengua materna para interpretar los refranes en la lengua extranjera, con mayor o menor competencia* (Recio 2013: 194). Ou, viceversa, o aprendiz español de grego ou o tradutor dun texto español ao grego non poderá usar a paremia grega do exemplo, posto que non a recoñecerán como tal os falantes nativos de grego.

Este defecto foi superado, en parte, no *Refranero Multilingüe* (Sevilla-Zurdo 1997-2013) coa inclusión de marcadores de frecuencia para cada paremia e as súas equivalencias. Aínda así, parécenos que unha colección multilingüe de equivalencias paremiolóxicas sería realmente útil só se determinase equivalencias a partir dos mínimos paremiolóxicos das linguas comparadas. De aí o noso interese en establecer o mínimo paremiolóxico grego para comparalo co mínimo paremiolóxico español.

4. A metodoloxía

¿Cal debería ser a metodoloxía para establecer o mínimo paremiolóxico dunha lingua? Sen dúbida, imponse a investigación estatística. Tal como di Mieder (1995), en 1931 o sociólogo estadounidense William Albig usou por primeira vez métodos demográficos coas paremias, e dende a vangardista investigación de Permiakov úsanse os cuestionarios. A investigación a través de cuestionarios adoita incluír dúas partes: primeiro mídese a competencia paremiolóxica activa dun grupo de persoas (que xeralmente son estudantes, xa que son os máis dispoñibles), ás que se lles solicita que escriban as paremias que poidan lembrar durante un espazo de tempo. Logo mídese a súa competencia pasiva mediante a presentación aos enquisados dunha listaxe concreta de paremias para pedirllas que indiquen as paremias que coñecen (Sardelli: 194). Falando disto, Mieder (1995) sinalou a dificultade que temos para mencionar paremias fóra dunha situación comunicativa concreta; igual que Čermák (2009), que propón como método máis firme de investigación a explotación de grandes córpora representativos. Con todo, recoñece que esta metodoloxía presenta o problema da diferenza entre lingua escrita e lingua oral e, aínda máis, que non resolve o problema do descubrimento de paremias descoñecidas ata agora.

5. Proposta para establecer o mínimo paremiolóxico grego

Para determinar o mínimo paremiolóxico grego, dende o 2009 estamos levando a cabo unha investigación que pretende xuntar o maior número posible de informantes, coa idea de delimitar o mínimo número de paremias que coñece e usa hoxe a maioría de falantes nativos de grego. Os criterios e a metodoloxía que vimos aplicando son os seguintes:

Solicitamos de 8 estudantes do Departamento de Lingua e Literaturas Hispánicas da Universidade de Atenas (dos que a maioría cursara a materia Fraseoloxía e Paremioloxía Españolas) que cada un por separado preparase unha lista con paremias gregas que coñecese e lembrase, sen usar bibliografía. Déuselles o espazo de tempo dalgunhas semanas e a posibilidade de solicitar axuda a persoas do seu círculo, só para que refrescasen a súa memoria.

Despois de arrecadar 7 listas (dúas irmás chipriotas traballaron xuntas na preparación dunha lista común), mediuse a frecuencia de aparición de cada paremia, para crear un corpus de paremias gregas. Para a formación dese corpus, ademais, tivemos en conta o noso propio coñecemento das paremias gregas –adquirido durante 30 anos de permanencia en Grecia– e as paremias incluídas nun libro para nenos e mozos (Gialouris *et alii* 1992). Con este material preparamos un cuestionario que comprende dúas partes. A primeira parte cobre os datos do informante: sexo, ano de nacemento, lugar de orixe da familia, lugar de permanencia durante a infancia, lugar de permanencia durante os últimos cinco anos, nivel educativo e profesión. A segunda parte comprende 496 paremias, entre as que prevalecen os refráns e as frases proverbiais, pero tamén hai dialoxismos, aforismos, proverbios bíblicos e dísticos, decapentasilabos, cunha temática principalmente de carácter didáctico-moral, mais hai

paremias temporais, meteorolóxicas, supersticiosas, médicas, económicas, etc. Cada paremia está acompañada por cinco posibilidades, das que o informante debe elixir: se coñece esa paremia e se a usa, se a coñece e se a usa pouco, se a coñece pero non a usa, se non a coñece, e se a coñece con outra variante e, neste caso, dásele a posibilidade de rexistrar a súa variante. Tamén se lle dá opción a completar a lista con paremias que coñece e usa pero que non están incluídas no corpus do cuestionario.

O cuestionario está dirixido a persoas maiores de 15 anos, gregos e chipriotas que sexan falantes nativos da lingua grega, que vivan en Grecia ou en Chipre, para que o cubran de maneira persoal. Repartiuse en formato electrónico e impreso en papel, e pretendíase que a súa difusión seguise unha progresión xeométrica: é dicir, repartiuse entre persoas do noso medio (estudantes, colegas e amigos) pedíndolles que non só o cubrisen senón que tamén o difundisen entre outras persoas. Polo de agora levamos recollidos 190 cuestionarios completados en forma electrónica e 60 en papel, é dicir, un total de 250. Este número de mostras é moi pequeno se temos en conta que “as actuais demoscopias para a investigación de tendencias a nivel panhelénico usan mostras de 1.000-3.000 persoas” (Mikrós 2008: 228) e que o número de mostras, segundo a poboación actual de Grecia (arredor de 11 millóns) debería ser de 1.100, mais outras 100 mostras procedentes da parte libre de Chipre (cunha poboación de 1 millón de habitantes), para obter unha imaxe satisfactoria e o máis exacta posible.

Utilízanse informantes gregos e chipriotas porque investigamos o mínimo paremiolóxico do grego como lingua nacional e non só como lingua do Estado grego.

A última fase da investigación para establecer o mínimo paremiolóxico grego será a comparación das paremias que os cuestionarios indicasen como as máis coñecidas e usadas con testemuños escritos. Nesta fase serán moi valiosas as investigacións que realizou Minás Alexiadis verbo do discurso paremiolóxico dos políticos gregos, tal como se presenta nos medios comunicativos impresos, así como as investigacións verbo dos chamados anti-proverbios, ou sexa, paremias que sufriron manipulación por parte da prensa diaria ateniense.

6. Conclusións

Pretendemos presentar unha investigación non concluída senón en pleno proceso de realización, xustificar os motivos da súa realización e expoñer a metodoloxía e criterios empregados; de aí que estas conclusións resulten parcas ou, en realidade, non sexan tales. As verdadeiras conclusións só as poderemos deducir en delimitando o mínimo paremiolóxico grego coa enquisa que estamos a realizar.

Os cuestionarios darannos información, entre outras cousas, de qué persoas prefiren usar determinadas paremias segundo o seu xénero, condición social ou cultural, en qué rexións prefiren unhas paremias máis ca outras, cal é a temática parémica preferida polos gregos, qué paremias usadas polos maiores xa non usan os máis novos e mesmo as descoñecen, que tipoloxía parémica é a preferida.

7. Referencias bibliográficas

- ALEXIADIS – ΑΛΕΞΙΑΔΗΣ, Μηνάς Αλ. (2008²-2006): “Δημοσιογραφικός λόγος και παροιμία” στο *Νεωτερική Ελληνική Λαογραφία*. Αθήνα: Ινστιτούτο του βιβλίου – Α. Καρδαμίτσα; 93-112.
- (2011): “Έντυπα μέσα επικοινωνίας και λαϊκός πολιτισμός. Νεωτερικά λαογραφικά”. Αθήνα: Ινστιτούτο του βιβλίου – Α. Καρδαμίτσα.
- (2012): “Antiproverbios en periódicos atenienses” en *Erytheia* 33, 2012; 299-312.
- ANAGNOSTOPOULOU – ΑΝΑΓΝΩΣΤΟΠΟΥΛΟΥ, Ίνα; ΜΠΟΥΣΟΥΛΗ-ΓΚΕΣΟΥΡΑ, Λία (2010). *1.864 παροιμίες και γνωμικά. Ξέρουμε τι σημαίνουν*; Αθήνα: Μεταίχμιο.
- ČERMAK, František (2003): “Paremiological Minimum of Czech: The Corpus Evidence”. [ucnk.ff.cuni.cz/doc/parmin.rtf]. [Data de consulta: 01.3.2013].
- (2009): “Frequent Proverbs and Their Meaning: A Proposal of a Linguistic Description (The Core and Paremiological Minima Described)”. *3rd Interdisciplinary Colloquium on Proverbs-ICP09*. Tavira (Portugal) 8 Nov 2009 - 15 Nov 2009. International Association of Paremiology (AIP-IAP).
- CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de Fraseología Española*. Madrid: Gredos.
- DOULAVERAS – ΔΟΥΛΑΒΕΡΑΣ, Αριστείδης Ν. (1994): *Η παροιμιολογική και παροιμογραφική εργογραφία του Δημήτριου Σ. Λουκάτου*. Αθήνα: Πορεία.
- (2010): *Νεοελληνικός παροιμιακός λόγος*. Αθήνα: Σταματούλης Αντ. εκδ. οίκος.
- FERENTINOU – ΦΕΡΕΝΤΙΝΟΥ, Αθηνά (2007): *Έτσι το λέει ο λαός. Παροιμίες*. Αθήνα: Εκδόσεις Ενάλιος.
- GIALOURIS – ΓΙΑΛΟΥΡΗΣ, Θ; ΑΝΑΣΤΑΣΙΑΔΗΣ, Γ.; ΚΟΡΜΠΟΥ Μ. (1992): *Παροιμίες για παιδιά και για νέους*. Αθήνα: Εκδόσεις Ανασταδιάδη.
- HAAS, Heather A. (2008): “Proverb Familiarity in the United States: Cross-Regional Comparisons of the Paremiological Minimum” en *Journal of American Folklore* 481, 2008; 319-347.
- MERAKLÍΣ – ΜΕΡΑΚΛΗΣ, Μιχαήλ Γ. (1985): *Παροιμίες Ελληνικές και των άλλων βαλκανικών λαών*. Αθήνα: Πατάκης.
- MIEDER, Wolfgang (1995): “Paremiological minimum and cultural literacy” en *De Proverbio* 1, 1995. [<http://www.deproverbio.com/display.php?a=3&r=1>].
- (2004): “Empiricism and paremiological minima” στο *Proverbs: handbook*. Westport London: Greenwood Press.
- MIKRÓS – ΜΙΚΡΟΣ, Γεώργιος (2008): *Η ποσοτική ανάλυση της κοινωνιογλωσσολογικής ποικιλίας. Θεωρητικές και μεθοδολογικές προσεγγίσεις*. Αθήνα: Μεταίχμιο.
- PERMIÁKOV, Grigorií L'novich (1989-1982): “On the question of a Russian paremiological minimum” en *Proverbium* 6, 1966; 91-102.
- POLITIS – ΠΟΛΙΤΗΣ, Νικόλαος (1965-1899): *Μελέται περί του βίου και της γλώσσης του ελληνικού λαού. Παροιμιαί*. 4 τόμοι. Αθήνα: Εργάνη. Φωτοτυπική ανατύπωση της πρώτης έκδοσης (Αθήνα: Π.Δ. Σακελλαρίου).
- RECIO ARIZA, María Ángeles (2013): “El enfoque cognitivista en la fraseología” en *Revista de Lingüística y Letras Aplicadas* 8, 2013; 187-197.

- SARDELLI, María Antonella (2009): “Aproximación á elaboración do *mínimo paremiolóxico* italiano” en *Cadernos de fraseoloxía galega* 11, 2009; 191-209.
- SEVILLA MUÑOZ, Julia (1988): *Hacia una aproximación conceptual de las paremias francesas y españolas*. Madrid: Editorial Complutense.
- SEVILLA MUÑOZ, Julia e CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2002): *Pocas palabras bastan*. Salamanca: Centro de Cultura Tradicional - Diputación de Salamanca.
- SEVILLA MUÑOZ, Julia e BARBADILLO DE LA FUENTE, María Teresa (2004): “Valor didáctico del refrán” en *Paremia* 13, 2004; 195-204.
- SEVILLA MUÑOZ, Julia e ZURDO RUIZ-AYÚCAR, María Teresa, dir. (1997-2013): *Refranero multilingüe (español, alemán, catalán, francés, gallego, griego antiguo, griego moderno, inglés, italiano, polaco, portugués, rumano, ruso y vasco)*. [<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/>].
- SMYRNIOTAKIS – ΣΜΥΡΝΙΩΤΑΚΗΣ, Γιάννης; ΣΗΦΑΚΗΣ, Γιάννης (2008): *17.000 ελληνικές παροιμίες ταξινομημένες θεματικά*. Αθήνα: Γιάννης Σμυρνιωτάκης.
- STRATIGAKIS – ΣΤΡΑΤΗΓΑΚΗΣ, Κώστας (2005): *Παροιμίες, Ρητά, Γνωμικά: Νεοελλήνων – Βυζαντιών - Αρχαίων*. Αθήνα: Εκδόσεις Σαββάλας.
- SZPIŁA, Grzegorz (2002): “Minimum paremiologiczne języka polskiego - badanie pilotażowe” en *Język Polski* 1; 36-42. [<http://www.isybislaw.ispan.waw.pl/ShowDocument.do?documentId=377204>] [Data de consulta: 24.06.2013].
- TARNOVSKA, Olga (2003): *Consideraciones acerca del mínimo paremiológico español*. Tese doutoral dirixida por Juan Idelfonso Bellón e Antonio Pamies. Granada: Universidad de Granada.
- VENIZELOS – ΒΕΝΙΖΕΛΟΣ, Ι. *Παροιμίες δημόδεις* (χ.η.-1867). Αθήνα: Επικαιρότητα. Φωτοτυπική ανατύπωση της πρώτης έκδοσης (Ερμούπολη: Πατρίς).
- VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003): “Aproximación ó ‘mínimo paremiolóxico’ galego. Unha proposta didáctica” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 2003 ; 79-116.
- VYSHNYA, Natalia (2008): “Mínimo paremiológico ucraniano y peculiaridades de su traducción” en *Paremia* 17, 2008; 101-109.